

**DESAFÍOS Á LINGUA DO PAÍS .. XORNADA**

Faltan moitos chanzos

22.10.2008 Carlos Varela, fiscal xefe do TSXG, reclama máis ferramentas lingüísticas por parte da Xunta para conseguir un "incremento do uso do galego" no sector xurídico

V. OLIVEIRA . SANTIAGO

O fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), Carlos Varela, reclamou onte máis ferramentas lingüísticas ao departamento de Política Lingüística para que "se incremente o uso do galego" no sector xurídico. Así o indicou na II Xornada Xustiza e Lingua: reflexións para a normalización que se celebrou onte no Colexio de Avogados de Santiago (CAS). Organizada polo Servizo de Asesoramento do CAS en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, o debate, que abriu o decano do CAD, Evaristo Nogueira, participou tamén o académico da RAG, Xesús Ferro Ruibal.

"Na miña experiencia como xuíz en Vigo nunca houbo ningún problema co uso do galego. Incluso algunhas veces, había xente que se desculpaba por non expresarse en galego", indicou o fiscal xefe do TSXG. Porén, recoñeceu que un dos obxectivos principais para conseguir a normalización do idioma neste eido pasa por "impulsar o uso da lingua nos avogados". Carlos Varela propón así que os despachos xurídicos "ofrezan os servizos lingüísticos tanto en galego como en castelán aos seus clientes".

Ademais, o fiscal constata unha actitude curiosa por parte dos asesores xurídicos dos concellos. "Sorpréndeme que cando os concellos veñen ós xulgados, os seus asesores xurídicos non usen o galego nos contenciosos". De xeito que lle propuxo á Fegamp (Federación Galega de Municipios e Provincias) que inste aos concellos para empregar o idioma tamén nos temas legais.

No caso dos xuíces, poden alegar o coñecemento do idioma como un mérito preferente para concursar a un posto. "Nalgúns casos -explica Varela- recoñécese ese mérito pero non se pon en práctica. Por iso coído que a regulación é moi defectuosa porque non se ve o uso efectivo do galego na maxistratura".

Por outro lado, considerou que ás veces "ponse como desculpa que os procedementos non están en galego algo que, porén, se pode solucionar se Política Lingüística achega máis ferramentas lingüísticas". Deste xeito, Carlos Varela opina que "habería un incremento do uso do galego, por exemplo, nas sentenzas xudiciais".

Finalmente, o fiscal xefe do TSXG valorou positivamente "as nova fornadas de xuíces que están saíndo das facultades e que apostan pola lingua". Varela lembrou que este verán se creou a Irmandade Xurídica Galega, formada por 21 xuristas e funcionarios da Administración que fixeron votos pola promoción do galego. "Recibimos peticións de avogados para incorporarse así que agardamos que poidamos seguir incrementando o número de membros", apuntou.

CONTRA AS MENSAXES ALARMISTAS**Ferro Ruibal: "Hai pasos positivos"**

Para o académico da RAG, Xesús Ferro Ruibal, aínda que sen datos, existen "pasos positivos" d emprego do idioma no eido do dereito. "Este pouco que temos, hai 25 anos era impensable xa que galego só pasaba pola boca do acusado", opina. Por iso coida que "a emisión de mensaxes alarmista sobre a lingua non contribúe a que a xente perciba a lingua como algo positivo xa que quen quer comprar un produto ruinoso?", preguntouse Ferro Ruibal.